



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Dereito da persoa	Código	612G01007	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Rovira Sueiro, María Esther	Correo electrónico	maria.rovira@udc.es	
Profesorado	Díaz Teijeiro, Carlos María García Presas, Inmaculada Legeren Molina, Antonio Rovira Sueiro, María Esther	Correo electrónico	carlos.diaz.teijeiro@udc.es i.garcia.presas@udc.es antonio.legeren@udc.es maria.rovira@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia pretendemos o estudo da persoa, a súa situación xurídica na sociedade. A capacidade, nacionalidade, dereitos da personalidade son materias fundamentais, pero non se trata dun coñecemento detallado e pormenorizado senón da adquisición de nocións básicas implicadas nos temas sinalados que colocarán ao alumno en situación de poder estudar aspectos máis concretos que son obxecto de estudo e avaliación en cursos posteriores.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Manexo adecuado das categorías xurídicas propias do Dereito da persoa, o que abrangue o que é a persoa física, a persoa xurídica, os dereitos da personalidade e demais situación xurídicas relevantes, basicamente os distintos estados civís	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A12	B7 B9 B10 B12	C1 C2 C3 C7
O alumno debe adquirir as competencias e as destrezas suficientes para abordar e resolver con éxito calqueira cuestión conflictiva referente aos bens da personalidade ou os estados civís da persoa.	A8 A9 A10	B6 B8 B11 B12 B13 B3 B4	C2
Elaborar e comprender correctamente os documentos e negocios necesarios para constituír unha persoa xurídica (fudacións e asociacións)	A9 A10 A11 A13 A14	B10	C2 C4 C6



Destrezas básicas das novidades do Rexistro Civil rematado o período de "vacatio legis" da Nova Ley do Rexistro Civil	A11	B13	C1 C2 C3 C8
Destrezas básicas dos novos paradigmas e postulados da Lei 8/2021 en materia de discapacidade	A6 A12 A13	B7 B8 B3 B4	C1 C2 C3 C4 C7
	A6 A12 A13	B7 B8 B3 B4	C1 C2 C3 C4 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Introducción	1.- Dereito civil: concepto 2.- Autonomía privada: a) Dereito Subxectivo b) Negocio xurídico
Lección 1.- O Dereito da Persoa	1.- A posición funcional e institucional da persoa no Ordenamento xurídico 2.- O deber xeral de respecto á persoa 3.- A capacidade da persoa: especial consideración das modificacións introducidas pola Lei 8/2021, de 2 de xuño
Lección 2.- A Persoa física e a persoa xurídica	1.- Requisitos esixidos no Ordenamento xurídico español para a adquisición da personalidade. 2.- A extinción da personalidade da persoa física. 3.- A declaración de falecemento. 4.- A persoa xurídica: Concepto e clases de persoas xurídicas
Lección 3.- O concibido	1.- Situación xurídica do concibido non nacido ante o Dereito civil. 2.- Contido da protección xurídica do concibido no Dereito positivo
Lección 4.- Os bens ou dereitos da personalidade	1.- Concepto, natureza xurídica e características. 2.- A protección dos bens da personalidade
Lección 5.- Os bens da personalidade na esfera física	1.- A tutela civil da vida e da integridade física. 2.- Delimitación do poder interno do seu titular: a) Autorizacións en orde ao cambio de sexo. b) Cesión e trasplante de órganos. c) Esterilización.
Lección 6.- Os bens da personalidade na esfera moral ou espiritual	1.- A tutela civil do honor, da intimidade persoal e familiar e da propia imaxe. 2.- A tutela civil do nome da persoa. O cambio de nome e apelidos. 3.- O dereito moral de autor: delimitacións, contido, natureza e protección.
Lección 7.- O Rexistro civil	1.- Concepto, fundamento e antecedentes históricos da Lei de Rexistro Civil. 2.- Organización actual 3.- Feitos e actos inscribibles.



Lección 8.- A idade da persoa	<ol style="list-style-type: none"> 1.- A súa significación xurídica. Cómputo da idade. 2.- A maioría de idade. 3.- A menor idade e a súa significación xurídica. 4.- Determinación do ámbito de poder e capacidade do menor. 5.- A responsabilidade civil do menor
Lección 9.- A emancipación	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Concepto e tipos. 2.- Efectos da emancipación en xeral: as restricións. 3.- O menor de vida independente.
Lección 10.- Outros supostos de capacidade restrinxida	<ol style="list-style-type: none"> 1.- As medidas de apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica. 2.- Medidas voluntarias. 3.- A curatela 4.- Defensor xudicial. 5.- A autocuratela.
Lección 11.- A nacionalidade e veciñanza civil	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Significado da Nacionalidade: Adquisición e perda da nacionalidade 2.- Significado da veciñanza civil: Adquisición e modificación
Lección 12. A ausencia	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Concepto e significado. 2.- Natureza xurídica. 3.- A defensa provisional dos intereses do desaparecido. 4.- A declaración de ausencia: Requisitos, significado e alcance. 5.- A representación legal do ausente. 6.- A terminación da situación de ausencia legal. 7.- A ausencia non declarada na Lei de Dereito Civil de Galicia

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 C2	21	0	21
Estudo de casos	A8 A10 A11 A13 A14 B6 B8 B3 C2	7	21	28
Prácticas a través de TIC	A9 A13 B13 C2 C3 C6 C8	7	7	14
Simulación	A1 A3 A6 A7 A12 B10 B11 B12 C1 C2 C7	7	14	21
Proba de ensaio	B7 B9 B3 B4 C2 C4	1	23	24
Atención personalizada		42	0	42

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada coa introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adoita reservarse a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia</p>



Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Prácticas a través de TIC	Realización de traballos tutelados en materias relacionadas co contido da asignatura. como pode ser o comentario dun film durante as horas presenciais asignadas á materia, nesta actividade os alumnos poderán consultar en todo momento co profesor e utilizar as TIC
Simulación	Elaboración de documentos de carácter xurídico como por exemplo unha solicitude perante o Rexistro Civil (cambio de nome e apelidos, nacionalidade, cambio de sexo), a creación dunha persoa xurídica, demandas, recursos de apelación, etc no eido de materias propias da asignatura.
Proba de ensaio	Método de avaliación consistente nunha proba escrita (examen).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	<p>A atención personalizada relativa á metodoloxía e prácticas a través de TIC levarase a cabo conforme ao descrito no apartado Metodoloxías.</p> <p>A atención personalizada xenérica consiste na tradicional tutoría mediante a cal o profesor ponse a disposición dos alumnos nun momento temporal concreto co obxecto de que estes poidan consultar ou solucionar calquera problema de xeito individualizado.</p> <p>Así mesmo virtualmente o/a alumno/a poderá poñerse en contacto co profesor en calquera momento e formularlle preguntas ou concertar reunións e tutorías, cando sexan cuestións puntuais poderán ser solventadas online pero sempre estará aberta a posibilidade do seu tratamento convencional e presencial. Non se atenderá correos que procedan dun dominio distinto da UDC</p> <p>En relación aos/as alumnos/as con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia programárase unha primeira xuntanza para concretar o cronograma do curso e as especialidades da modalidade na entrega de traballos, prazo, formato, etc</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	A9 A13 B13 C2 C3 C6 C8	Os traballos realizados polo alumno, logo de concluír as sesións presenciais serán entregados ou expostos na propia aula, segundo as circunstancias e, en todo caso, avaliados polo profesor tendo en conta basicamente a capacidade argumentativa demostrada e sobre todo a orixinalidade (a detección dun traballo plaxiado, en todo ou en parte, con ou sen permiso do titular da obra orixinal suporá automaticamente o suspenso na asignatura).	10
Simulación	A1 A3 A6 A7 A12 B10 B11 B12 C1 C2 C7	Durante as sesións presenciais nos grupos reducidos os alumnos deberán expoñer os seus traballos a través dun portavoz, entregando ademais o orixinal escrito ao profesor. Ambos orixinal e intervención oral serán obxecto de avaliación.	10
Proba de ensaio	B7 B9 B3 B4 C2 C4	Consistirá nunha proba escrita ao rematar o cuatrimestre. A proba poderá consistir nun exame de desenvolvemento, nun exame tipo test ou nun examen de preguntas curtas. A opción concreta será especificada polo responsable de cada grupo o primeiro día de clase na presentación da materia.	70
Estudo de casos	A8 A10 A11 A13 A14 B6 B8 B3 C2	Os alumnos durante as sesións presenciais intervirán oralmente expoñendo a súa solución aos casos propostos debatendo, no seu caso, co profesor e os seus compañeiros. Os coñecementos, competencias e habilidades demostradas durante esta exposición serán obxecto de avaliación polo profesor.	10



Observacións avaliación

As calificacións obtidas durante o cuatrimestre a través dos traballos (prácticas, simulacións, estudo de casos etc) teránse en conta só cando o alumno asista ás clases con regularidade, o que se traduce nunha asistencia mínima do 70% das clases en grupos reducidos. Os que non cumplan con ese mínimo de presencialidade terán unicamente como cualificación a da proba de ensaio.

A devandita presencialidade non se terá en conta en relación aos/as alumnos/as a tempo parcial que solicitaran e lles fora concedida a dispensa de asistencia á clase (vid. normativa que regula o réxime de estudos a tempo parcial). Estes/as alumnos/as deberán poñerse en contacto para planificar o cronograma dos traballos que se levarán a cabo ao longo do cuatrimestre.

No caso de que modelo de exame sexa de preguntas curtas, si non se especifica presumirase que teñen todas o mesmo valor. A cualificación de cero en dúas das preguntas curtas suporá o suspenso automático da asignatura. En todo caso para superar a materia deberá superarse a proba escrita o que supón obter como mínimo 3.5 puntos na devandita proba.

No caso de que o exame sexa de desenvolvemento se publicitará con antelación suficiente antes da súa realización o número de preguntas e o valor de cada unha delas, de non determinarse presumirase que teñen un valor idéntico. En todo caso deberá superarse a proba escrita obtendo como mínimo a cualificación de 3.5 puntos.

O sistema de avaliación non varía na segunda oportunidade.

En caso de plaxio aplicarase a normativa académica da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica	A materia pódese consultar en calquera manual de Dereito Civil Parte Xeral, este ano tendo en conta os importantes cambios introducidos pola Lei 8/2021, que entrarán en vigor no mes de setembro é especialmente importante manexar as últimas edicións sobre todo en relación aos contidos afectados pola devandita norma. Os manuais que se recollen a continuación son a título meramente de exemplo, o máis importante á hora de escoller un libro deste tipo é que esté ao día, sobre todo nos temas que foron obxecto de reforma recentemente. Recoméndanse ás últimas edicións de: LASARTE ÁLVAREZ, C., Parte general y Derecho de la persona, Edit. Marcial Pons, Madrid, 2021 BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, R., Manual de derecho Civil. Derecho de la persona, Edit. Bercal, Madrid 2021 MARTÍNEZ DE AGUIRRE, C., DE PABLO CONTRERAS, P., PARRA LUCÁN, M ^a ., PÉREZ ÁLVAREZ, M., Curso de Derecho Civi, Tomo I. Volumen I Derecho de la persona, Edt. Edisofo, Madrid, 2021 Tamén é importante manexar un Código Civil da última edición (esperar pola de setembro 2022)
Bibliografía complementaria	Ao longo do curso cando se trate cada tema específico recomendaránse lecturas sobre o mesmo tanto de artigos de revistas como de monografías que se poden atopar na biblioteca do centro.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Fundamentos romanísticos da cultura xurídica occidental/612G01001
Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003
Comunicación oral e escrita/612G01004
Teoría do Dereito/612G01006

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías